



Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia e as Asociacións Inserta Empleo e Inserta Innovación en pro da inserción laboral dos deportistas galegos de alto nivel

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O subdirector xeral de Plans e Programas, da Secretaría Xeral para o Deporte,
DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral para o Deporte formalizou coas Asociacións Inserta Empleo e Inserta Innovación o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 25 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as bases de colaboración deportiva entre a Secretaría Xeral para o Deporte e as Asociacións Inserta Empleo e Inserta Innovación, co fin da realización por estas das actuacións, funcións e cometidos que, conforme á *Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia*, segundo se establece no artigo 34, *Deportistas galegos de alto nivel*, apartado 2.1, “A administración autonómica establecerá as formas de apoio para estes deportistas galegos, así como a súa inserción social e profesional durante a súa carreira deportiva e ao final desta”.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:





Proporcionar o apoio, en todas as ordes, aos deportistas galegos de alto nivel, que o son e que o foron, procurando todos os medios necesarios para facilitar a súa incorporación ao sistema educativo e a súa plena integración social, laboral e profesional.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

